

Follas do Cineclub | 01/06/2016

O album de familia
(The Family Album, Alan Berliner, EUA, 1986, 60', VOSE)

01

Extractos do diario de traballo do filme *The family Album* (Alan Berliner, 1986): *THE FAMILY ALBUM. WORK JOURNAL. SELECTED ENTRIES 1985-1986. No libro EL HOMBRE SIN LA CÁMARA. EL CINE DE ALAN BERLINER / THE MAN WITHOUT THE MOVIE CAMERA. THE CINEMA OF ALAN BERLINER (EFRÉN CUEVAS, CARLOS MUGUIRO (eds.), Ediciones Universitarias Internacionales, Madrid, 2002, pp. 187-198)*

2 de maio de 1985

02:10 h

Por fin xa me sinto mellor para comezar este filme outra vez. Vai ser un traballo duro.

Tentarei ir facéndoo pouco a pouco, vaime custar. A clave da memoria é romper as cousas (ou recompoñelas?) en anacos manexábeis. Ir aos poucos cada día.

Un edificio de aves

o seu niño de rama/ po por rama/ po.

Hoxe cortei un pouco o cabelo...un pouco para que medre.

7 de maio de 1985

03:30 h

Acontece o inevitábel. Como traballo ata moi tarde pola noite, vou cambiando irrevocabelmente cara un ser nocturno. Non ando moi canso – fatigoso ou mesmo desorientado, mais non adormecido.

Supoño que canto máis ande a traballar, a miña tolerancia para estar esperto e traballando máis tarde até polas mañás irá aumentando. Chegará o momento de non poder dar volta? Que máis ten! Xa haberá tempo para durmir ben. Hoxe (...) pola noite acabamos escoitando a fita dunha familia anónima de Long Island. Unha reunión de vacacións coa familia e amigos.

Esta fita, coma moitas outras que montei, merqueina por uns centavos nun posto da rúa. Hai algunhas partes moi interesantes. Os homes teñen unha linguaxe moi vulgar, chea de xuramentos e como se estivesen bébedos. A parte que máis me choca esta noite, é cando a un home, como se quixese facer unha “proba de son”, dálle por soprar ao micrófono coma querendo imitar o efecto dun avión no aire, ou un barco de vapor pasando perto deles. Gustárame usar este efecto dalgunha maneira.

21 de agosto de 1985

03:15 h

Sente a parte redonda do martelo.

Por que?

Por que me come tanto tempo a merda esta? Por que hai forzas externas, presións de tempo que non podo levar e cuestións técnicas que me controlan?

Son eu o que manda aquí? Son?

Teño medo de acabar isto?

Téñolle medo ás dúbidas?

Estou no medio do hexagrama “Mocidade tola”, que deixa ver a falta de experiencia na maneira de levar as dúas cousas e as dificultades desta divertida dor? Deixei que o proceso de facer este filme me atravesese e se xunga coa miña vida diaria e a longo prazo. Deixei que o procedemento de traballo se humanice a si mesmo, sen rigores polo seu ben, non hai obrigas, permitir as distraccións, encher as velas do barco coa miña respiración diaria para navegar sen rumbo. Non teño, aínda que apunto as decisións polo miúdo, ningunha caste de horario, ningunha data límite. (...)

Hoxe estaba con ansiedade. A dor de cabeza daba sinais de evolucionar. Esta mañá comezou a mellorar coa “distracción” do filme: isto aquí, isto non, que poño, que haberá...e chegou a unha grande incoherencia; unha metáfora física para o meu cerebro frustrado. Traballando con moitos nervios, mesmo de maneira impulsiva, realmente fixen unha trangallada terrible co filme, que levará tempo e un esforzo considerábel para arranxala. Supoño que será outra fase do camiño.

23 de xuño de 1986

03:44 h

Por fin.

Abrín o doente. Toquei o filme.

O primeiro corte que fixen, un que tiven ben atrás na cabeza durante meses, desde que vin a foto do globo grande e tres nenos que corrían polo prado – quería poñer este globo xusto cando un dos nenos comeza a soprar e a botar burbullas no aire e logo apunta para o ceo.

É unha xustaposición moi elegante (e satisfactoria).

ABRIR O DOENTE, TOCAR O FILME

ALAN BERLINER

13 de xullo de 1986

02:11 h

Son consciente de estar angustiada pola acumulación de catro anos de traballo, de papeis, de decenas de milleiros de imaxes – pode que cincuenta horas ou máis (ou serán sesenta, ou pode que setenta?) - de gravacións sonoras, e non falemos xa das expectativas, esixencias (do interior e do exterior) e a fatiga de tentar manter no posíbel o monstro perto de min.

Ás veces sinto que esta é a última etapa dunha carreira de remudas. Outorgáronme a tarefa de chegar á liña de meta co testemuño, pero sintome moi abaixo levando todas estas "cousas" ás costas.

22 de setembro de 1986

04:01 h

Xa é oficial.

Teño unha data para facer a montaxe.

O nove de outubro. Trans audio con Rick D'or.

Cada día é un minuto precioso.

Os días agora presionan.

Non podo perder a concentración nin a perspectiva.

Estou dando o pulo final a través dos rolos para a selección do son. É coma se pescases nunha pía sen estar certo de coller nin un peixe, pero nunca estás certo de todo.

Tamén é, desde logo, a necesidade do procedemento final tirando cara arriba dos meus brazos e empurrándome cara o meu destino final.

Un feixe de pequenos detalles para coordinar. Faime falla a bondade da boa sorte para aturar a urxencia e a tensión da data límite e así ir cara a perfección e non estragar todo.

bloqueo co filme, xunto coa chegada do outono, dun clima máis frío que fai máis difícil a montaxe a man do filme para darlle unha forma definitiva. A evaporación da humidade brillante para deixar unha superficie máis seca e rexa.

Todas as imaxes, os sons, a fabricación lúdica que dá a edición diaria xa non baila diante miña, xa non me tentará máis con horizontes posibles e o atractivo do descubrimento da perspectiva de que podo facer o filme mellor día a día. Todo iso acabou e teño que facerlle fronte.

Teño que deixala ir, xa non está alí por máis tempo, o que podería facer.

Xa non, mesmo así...

12 de novembro de 1986

02:29 h

Sobre o filme en si, a experiencia de bloqueo tiña unha sensación de (por que sempre semella unha cousa así?) tolema e casualidade. Algunhas decisións menores levaron moito máis tempo do que debera. Outras decisións que eran máis importantes tomáronse moi axiña e cunha presión nada desexábel. O tempo, a firmeza e a ansiedade da separación de todo acabaron aparecendo. Teño esta imaxes do filme como unha caste de louza suave, deformábel por cousa da calor do verán, todo, todos os materiais, todas as decisións, todos os elementos e opcións abertas e posíbeis – a posibilidade de ter unha caldeira – para cocer unha sopa de creatividade saborosa sumándolle, restándolle e repartindo as proporcións para o que debera ser unha receita perfecta. A sensación de

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada.

Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



1 DE XUÑO

O album de familia

(The Family Album, Alan Berliner,
EUA, 1986, 60', VOSE)

8 DE XUÑO

Abril

(Aprile, Nanni Moretti,
Italia, 1998, 78', VOSG)

15 DE XUÑO

As praias de Agnès

(Les plages d'Agnès, Agnès Varda,
Francia, 2008, 110', VOSG)

22 DE XUÑO

Branco chapeiro

(Hustler White, Bruce La Bruce,
Rick Castro,
EUA, 1996, 79', VOSG)